



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOCE DE AGOSTO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO

D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

Secretaria accidental: D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día doce de agosto de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/06/2021).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación previa de obra de don Fernando Pereira Villanueva. (Expediente número 2021/U026/000042)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Fernando Pereira Villanueva para instalación de piscina de poliéster nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral, emprazada en Avda. M. M. Gómez Lorenzo, 22 - Vedra, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento setenta e tres euros con un céntimo (#173,01#).

2.2.- Comunicación previa de obra de dona Miriam Fernández Neira. (Expediente número 2021/U026/000046)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovida por dona Miriam Fernández Neira para instalación de piscina prefabricada de 10,00x4,00 nos termos da documentación técnica achegada asinada por don César García Piñeiro en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A506007740001SZ, emprazada en Sarandón, 48 – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos dez euros (#210,00#).

2.3.- Comunicación previa de obra de don Alfonso Doce Portas. (Expediente número 2021/U026/000068)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Alfonso Doce Portas para instalación de 12 placas fotovoltaicas en cuberta plana en edificación existente nos termos da documentación técnica achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B502104850000TO, emprazada en Sales, 15 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta euros (#160,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de dona María Carmen Cajaraville Sánchez. (Expediente número 2021/U026/000072)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona María Carmen Cajaraville Sánchez para edificación auxiliar para garaxe de 39 m² construídos nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais en calidade de arquitecto e de data xullo 2021.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002102500NH43G0001JJ, emprazada en Viñogrande, 1 - San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e cinco euros con sesenta céntimos (#155,60#).

2.5.- Comunicación previa de obra de dona Silvia Fernández Carril. (Expediente número 2021/U026/000076)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Silvia Fernández Carril para construción de soportal, de 15 m², en vivenda unifamiliar existente nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090D502300960000HB, emprazada en Trasariz de Abaixo, 15 - Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e seis euros (#56,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de don Francisco Benardo Collantes Carollo. (Expediente número 2021/U026/000077)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Francisco Bernardo Collantes Carollo para construción de peche, con respecto ao linde, e de tres metros de largo, con base de formigón que non superará o 1,50 m. de alto, postes e arame sen superar o 1,80 m. de altura total, nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A506008720000AY, emprazada en Cimadevila, 3 – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Instancia núm. 202190000000548 de don Ezequiel Álvarez Castro. (Expediente núm. 2021/U022/000018)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Sales (San Fins) Vedra, solicita licenza para obras de ampliación de vivenda en Nande, 49 – Sales (San Fins), (expediente núm.: 2021/U022/000018), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



técnica achegada asinada por don José Luis Estévez Suárez, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: altura menor de 7 metros; ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta e planta baixa; un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002203100NH44A.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José Luis Estévez Suárez, 2103951,2 de data 01/07/2021.

3º.- Previo ao inicio das obras deberá achegar oficio de dirección de aparelador.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos sesenta e sete euros con dez céntimos (#467,10#).

2.8.- Comunicación previa de obra de Atefyl, S.L (Expediente número 2021/U026/000073)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Ismael J. Ameneiros Rodríguez, en representación de Atefyl, S.L para reforma interior dun aseo, substituíndo o pavimento, azulexos, falsos teitos, sanitarios e carpinterías interiores nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Ismael Ameneiros Rodríguez e don Santiago Rey Conde en calidade de arquitectos.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001302400NH43E0001YX, emprazada en Avda. M. M. Gómez Lorenzo 30 - Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e tres euros con oitenta e dous céntimos (#83,82#).

2.9.- Autorización de ocupación do dominio público.

Dáse conta dos seguintes expedientes municipais:

-2021/U026/000064 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para substituír catro postes de madeira 8E, REF: 8238637_3520211 en Cimadevila - Sarandón (San Miguel), nos termos da documentación técnica achegada de data 28/05/2021.



-2021/U026/000065 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira tipo 8E, REF: 8240484_3521742, en Cubelas – Sarandón (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada.

-2021/U026/000066 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de madeira tipo 8E, REF:8240748_3522211 en Matelo - Sales (San Xián), nos termos da documentación técnica achegada de data 04/06/2021.

-2021/U026/000067 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación dun poste de madeira, tipo 8E, REF:8241979_3522811 en Casanova - Sarandón (San Miguel), nos termos da documentación técnica achegada.

-2021/U026/000071 tramitado a instancias de de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de cinco postes de madeira, tipo 8E, Ref. 8234850 - 3517481 en Ferreira - Sales (San Fins), nos termos da documentación técnica achegada.

As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido dos expedientes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada sinalada en cada un dos expedientes.

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble, poderá ser revogada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.



Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.10.- Instancia núm. 2021999900000469 de Telefónica de España, S.A

Dáse conta do expediente 2021/X999/000097 instruído por mor da comunicación achegada por Telefónica de España, S.A., para despregar unha rede de acceso mediante fibra óptica nunha zona da parroquia de San Pedro de Vilanova (Vedra), nos termos da documentación achegada de data 16 de abril de 2021, e aproveitando a infraestrutura existente.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da mencionada comunicación e do seu contido. Se ben no caso de que precisen actuar sobre zona de dominio público deberán solicitar as preceptivas licenzas.

3º.- Aprobación provisional, se procede, do Plan de Sectorización do SUND-4. Parque Empresarial de Vedra

Visto o proxecto do Plan de Sectorización que afecta aos terreos incluídos no ámbito do SUND-4. Parque Empresarial de Vedra, clasificados como solo urbanizable non delimitado previsto no vixente PXOM, presentado por UTE URBEPLAN-ARC en función do convenio firmado entre propietarios e concello.

Presentado o documento de inicio, este foi remitido ao órgano ambiental competente para que se pronunciase sobre a necesidade de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE). Con data de marzo de 2009 foi remitido o documento de referencia para o procedemento de AAE e polo equipo redactor procedeuse a redactar o preceptivo informe de sustentabilidade ambiental incorporándoo ao proxecto presentado para a aprobación inicial.

Con data do 30/12/2010 foi aprobado inicialmente polo Pleno do concello e tramitado conforme ao establecido na lexislación vixente.

Con data do 13/03/2016 acordase a aprobación provisional do mencionado plan sectorización.

Con data do 22/09/2020 acórdase unha nova aprobación provisional e remítese o expediente ao Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Con data do 13/11/2020, o órgano autonómico, require a emenda e a achega de documentación adicional.

Con data do 30/03/2021, e logo da tramitación oportuna, acórdase unha nova aprobación provisional e a remisión do expediente ao órgano autonómico pertinente que, con data do 07/06/2021 require a emenda de diversas cuestións.



Con data do 28/07/2021 o equipo redactor achega a documentación técnica con nova proposta.

Considerando canto antecede, logo dos informes técnico e xurídico, e de conformidade co artigo 86.1 d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e o seu regulamento, e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente, nos termos da documentación técnica achegada de data xullo 2021, o “Plan de sectorización do sector do ámbito de solo urbanizable non delimitado. SUND-4. Parque Empresarial de Vedra”, asinado por Benito Fernández González e por Gilberto Rodríguez Rodríguez en calidade de enxeñeiros de camiños, canles.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a fin de que, de acordo co artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se emita o correspondente informe previo á aprobación definitiva.

4º.- Certificacións de obra.

4.1.- Certificación núm. 5 e última da obra de *Colectores Xerais e Edar de Vedra (POS + 2019)*

Dáse conta da certificación núm. 5 e última da obra *Colectores Xerais e Edar de Vedra, incluída no POS + 2019* (Código 19.2200.377.0), e máis da factura núm. S 3456 da empresa adxudicataria da mesma, Espina y Delfin, S.L, por importe de dezanove mil novecentos sesenta e sete euros con noventa e dous céntimos (#19.967,92#).

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a certificación e máis a factura correspondente.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xullo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
356	01/07/2021	Alta no SAF-Libre concorrencia de DMF
357	01/07/2021	Autorizando ao Club Olímpico de Vedra o uso das instalacións do pavillón, a pista de rodadura e a piscina municipal para o I Campus Multideporte, e dúas horas diarias da piscina nos meses de xullo e agosto para adestramento
358	01/07/2021	Autorizándolle á Asociación Medioambiental Amabul o uso da piscina os días 13 e 27/07 e 10 e 27/08 pola mañá
359	01/07/2021	Autorizándolle á ANPA do CEIP de Ortigueira o uso da piscina municipal durante os mércores do mes de xullo para os participantes no campamento Acamparte
360	01/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
361	01/07/2021	Designando expertos valoración proxecto técnico (Arquivo B.Criterios dependentes dun xuízo de valor) expediente licitación prestación do SAF (Exp. 2021/C004/000002)
362	02/07/2021	Baixa na EIM curso 2020/2021 de PMS



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



363	02/07/2021	Listaxe definitiva admitidos/as, excluídos/as proceso selectivo para a contratación dun/unha técnico/a de turismo
364	02/07/2021	Aprobación bases proceso de selección postos do APROL RURAL 2021: 2 xardineiros/as forestais
365	02/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
366	06/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
367	06/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
368	07/07/2021	Concesión tarxeta de armas (carabina) a J.M. F. M
369	06/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
370	07/07/2021	Outorgando licenza de taxi nº 3 a don Jesús Manuel Furelos Magariños
371	07/07/2021	Adxudicación investimento <i>Instalación de iluminación exterior pista deportiva e velódromo do Concello de Vedra</i> a Rubén José Noya Mallo (Exp. 2021/C005/000001)
372	07/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
373	07/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
374	07/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
375	08/07/2021	Clasificación ofertas licitación Proxecto de Mellora de camiños Rurais 2021 (Plan de mellora de camiños municipais de acceso ás parcelas agrícolas 2021-2022).
376	09/07/2021	Aprobación convenio entre o Concello de Vedra e o Ministerio de Educación e Formación Profesional para Aula Mentor
377	09/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
378	12/07/2021	Aprobación pagamento e xustificación para inscrición de parcelas no Rexistro da Propiedade
379	12/07/2021	Renuncia praza na ludoteca de verán e adxudicación de vacante por orde de listaxe de agarda
380	13/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
381	13/07/2021	Expediente modificación de créditos 9/2021 (xeración)
382	13/07/2021	Listaxe de admitidos/as proceso selectivo para a contratación de 2 xardineiros/as forestais (Programa APROL RURAL 2021)
383	14/07/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 16 de Marzán de Arriba –Vedra
384	14/07/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 12 de Sarandón- San Miguel de Sarandón
385	14/07/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 3 de Recarei–Merín
386	14/07/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 2 de Pedreira- San Andrés de Trobe
387	14/07/2021	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 20 de Pousada de Abaixo- Vedra
388	15/07/2021	Aprobación sanción imposta pola Axencia Tributaria por uso de gasóleo con aplicación de tipo reducido
389	15/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
390	19/07/2021	Adxudicación Proxecto de Mellora de camiños Rurais 2021 (PMM 2021-2022) á Martínez Montes e Hijos, S.L
391	19/07/2021	Aprobación trienios persoal municipal
392	19/07/2021	Alta SAF-Libre concorrencia de MCG
393	19/07/2021	Concesión axuda de emerxencia social a POC
394	19/07/2021	Concesión axuda de emerxencia social a RLCG
395	20/07/2021	Aprobación pago bonos de alimentos a supermercados
396	20/07/2021	Aprobación do padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 2º trimestre de 2021
397	21/07/2021	Contratación de dona Rosario Canicoba Castro para a praza de técnico/a de turismo
398	22/07/2021	Contratación postos do Programa APROL RURAL 2021
399	22/07/2021	Aprobación reintegro á Deputación Provincial do importe sobrance do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		anticipo PEL –REACTIVA e reintegro do mesmo
400	22/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
401	22/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
402	22/07/2021	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
403	23/07/2021	Acometida á rede de saneamento da vivenda núm. 38 de Castro – Ponte Ulla
404	23/07/2021	Alta Programa Conxuga-Ludoteca de verán (prazas vacantes) de RCV e XRG
405	26/07/2021	Adxudicando mantemento da caldeira do CEIP de Ortigueira a Instaiglesias, S.L (Exp. 2021/C002/000012)
406	26/07/2021	Cambio titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 1 de Bazar – San Andrés de Trobe
407	26/07/2021	Altas no padrón municipal de habitantes
408	26/07/2021	Aprobación nóminas mes de xullo
409	26/07/2021	Listaxe provisional admitidos/as Programa Conxuga curso escolar 2021/2022 (madrugadores e ludoteca)
410	28/07/2021	Adxudicación prazas vacantes Programa Conxuga (verán 2021)
411	29/07/2021	Listaxe definitiva Programa Conxuga- Modalidade curso escolar 2021/2022 (madrugadores e ludoteca)
412	30/07/2021	Expediente limpeza de finca en San Pedro de Vilanova

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

Conclúe ao fin das vinte e unha horas e trinta e cinco minutos